

NOTA INFORMATIVA RECUPERACIÓNS 2º TRIMESTRE:

Todos aqueles alumnos e alumnas de 6º EP que teñan suspensa a segunda avaliación de Ciencias Naturais, deben centrarse en realizar estas actividades de recuperación. É moi importante que as fagades para poder recuperar o segundo trimestre desta materia.

A data límite para a entrega destas actividades é o **vernes 15 de maio**.

Unha vez feitas, debes enviarlas ao meu correo: profeantia@gmail.com

Recordade que se facedes as actividades a ordenador podedes enviarlas directamente en word e pdf. No caso de facelas a man, enviade fotos revisando que se vexan ben.


Calquera dúbida, escribídeme un correo.

Ánimo, chicos e chicas!!

6º EP. Ciencias Naturais: Recuperación segundo trimestre.

Nome: _____ Data: _____

1. Nomea os órganos dos sentidos. Despois, debuxa de forma sinxela a cara dunha persoa e sinálaos.



- En que función interveñen estes órganos?

2. Corrixe a seguinte frase.

Os órganos dos sentidos son importantes porque elaboran unha resposta como reacción aos estímulos que o cerebro captou, e permítenos relacionarnos co contorno.

3. Completa os textos coas palabras do cadro.

derme — pupila — nervio óptico — cerebro — cristalino — fosas nasais — imaxe —
papilas gustativas — tímpano — pituitaria — caracol — orella — externo — retina

Os ollos están formados pola _____, por onde entra a luz; o _____, que enfoca a imaxe na _____, que a capta e transmite polo _____ ata o cerebro, onde se elabora a _____ que vemos.

O son entra pola nosa _____ e pasa polo conduto auditivo _____. Chega ata o _____, onde vibra. A vibración é transmitida ao _____, que a converte en sinais que chegan ao cerebro a través do nervio auditivo.

O oxíxeno entra polo noso nariz e pasa polas _____ ata chegar á _____, que lle transmite a sensación ao cerebro mediante o nervio olfactivo.

Na lingua temos uns pequenos vultos chamados _____, das que saen os nervios gustativos que chegan ata o _____.

A pel posúe unha capa intermedia, a _____, que consta das terminacións nerviosas que captan as sensacións táctiles e detectan os estímulos internos.

4. Sinala cun **V** as oracións verdadeiras e cun **F** as falsas.

- a) O aparato locomotor está formado polo sistema muscular e o esqueleto.
- b) Temos máis de mil músculos.
- c) Os músculos únense aos ósos polos tendóns e contráense e reláxanse facendo que estes se movan.
- d) A función do esqueleto é soste-lo corpo e protexer os órganos.
- e) Os ósos poden ser duros e ríxidos, e planos ou abombados.
- f) Os ósos están unidos sempre por articulacións fixas.

5. Une mediante frechas.

As células que forman o sistema nervioso _____ o sistema nervioso.

O sistema nervioso periférico _____
e o sistema nervioso central forman _____ son as neuronas.

Os nervios poden ser _____ forma o sistema nervioso periférico.

O sistema nervioso central _____ compoñen o sistema nervioso central.

O encéfalo e a medula espiñal _____ recibe e procesa a información.

O conxunto de todos os nervios do corpo _____ sensitivos ou motores.

6. Contesta as preguntas.

- Podemos previr as enfermidades relacionadas co sistema nervioso? Explica.



- Como podemos previr as enfermidades do aparato locomotor?

- A que médicos deberás ir para coidar e tratar os teus órganos dos sentidos?

7. Sinala cun V as oracións verdadeiras e cun F as falsas.

- a) Facer deporte é importante para previr enfermidades do aparato locomotor.
- b) Facer máximo tres comidas ao día é o adecuado.
- c) Para coidar o noso sistema nervioso debemos descansar ben cada noite e dedicarlle tempo ao lecer.
- d) Manter unha adecuada hixiene é un hábito diario esencial.
- e) Debemos acudir ao médico só cando estamos enfermos.

8. Escribe os nomes dos órganos.



9. Completa as seguintes frases.

- Todos os órganos do aparato reprodutor feminino son interiores excepto _____.
- As trompas de Falopio comunican os ovarios co útero e nelas se _____.
- O embrión, durante o embarazo, medra no _____.
- Os ovarios producen desde a puberdade as células sexuais femininas, chamadas _____.
- A vaxina une o útero co _____ e coa _____.
- A parte final do pene chámase _____ e está cuberta polo _____.
- O seme e a urina expúlsanse ao exterior por un conduto chamado _____.
- Os testículos están protexidos polo _____ e neles fórmanse as células sexuais masculinas ou _____.

10. Que provocan a vaxinite e a uretrite? Que debemos facer para prevelo?
